

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista Resolución da Alcaldía n ° 2018-0123 de data 17 de xaneiro de 2018, pola que se aprobaba a lista definitiva de admitidos e excluídos, e se designa o tribunal de selección para cubrir como persoal laboral con contrato por acumulación de tarefas por 6 meses dun traballador/a social, convocando a todos os candidatos admitidos/as para o vindeiro martes 30 de xaneiro de 2018 ás 11:00 horas, para a realización do exercicio da Fase de Concurso-Oposición.

Visto que debido a unha serie de problemas na constitución do Tribunal non se poderá levar a cabo a realización do exercicio práctico na data sinalada,

RESOLVO

Primeiro: Modificar o Decreto n° 2018-0123 convocando a todos os candidatos admitidos/as para o vindeiro mércores 31 de xaneiro de 2018 ás 11:30 horas para a realización do exercicio da Fase de Concurso-Oposición (segundo o apartado 5° “Procedemento selectivo” das Bases específicas aprobadas o 16 de novembro de 2017) no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas (CDL), sito en Lugar a Lomba, 5, Ribadetea, 36866, Ponteareas.

Os candidatos deberán vir provisto de DNI.

Segundo: Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.ponteareas.gal.

Terceiro: Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na paxina www.ponteareas.gal, ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez
(Documento asinado electrónicamente)